



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Abril 2011

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2011

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de abril de 2011 en Galicia presenta un descenso interanual do 7,9%, 5,6 puntos superior ao descenso do mes precedente. En España a taxa interanual acadou un valor do -4,1%, tamén 5,6 puntos inferior ao crecemento do mes de marzo.

Por destino económico dos bens a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** descenden un 10,1% e achegan 2,7 puntos negativos ao crecemento do índice xeral.
- As ramas **enerxéticas** contribúen ao descenso do índice xeral na mesma medida que os bens de consumo, neste caso debido a un descenso do 11,8%.
- Os **bens de equipo** caeron un 6,9% con respecto a abril de 2010, este descenso repercute minorando en 1,6 puntos o crecemento interanual do índice xeral.
- Por último, os **bens intermedios** foi a compoñente con menor descenso (3,4%), o que supuxo unha achega de -1,0 punto ao crecemento do conxunto do índice.

Nos catro primeiros meses do ano o descenso do índice xeral con respecto ao mesmo período do ano anterior foi do 4,1%; o maior descenso corresponde ás ramas enerxéticas, un 9,1%, cunha repercusión no descenso interanual do índice xeral de -2,3 puntos porcentuais.

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Abril 2011

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		REPERCUSIÓN (%)		
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	
Galicia						
Xeral	83,4	-7,9	-4,1	--	--	
Bens de consumo	80,9	-10,1	-6,1	-2,7	-1,6	
Bens de equipo	82,9	-6,9	-1,3	-1,6	-0,3	
Bens intermedios	82,4	-3,4	0,7	-1,0	0,2	
Enerxía	88,9	-11,8	-9,1	-2,7	-2,3	
España						
Xeral	78,8	-4,1	1,3	--	--	
Bens de consumo	84,2	-6,3	-1,6	-2,0	-0,5	
Bens de equipo	75,4	-2,6	2,5	-0,5	0,5	
Bens intermedios	73,3	-3,7	4,0	-1,3	1,3	
Enerxía	87,9	-3,2	-0,2	-0,5	0,0	

Fonte: INE

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os

resultados que se mostran no cadro 2. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

As ramas que presentan unha maior achega ao crecemento de marzo son: “Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques” cunha achega de 2,5 puntos á taxa interanual do índice xeral e que creceron un 40,2%, “Industria da alimentación” que cun crecemento do 3,5% achega cinco décimas ao índice xeral, “Metalurxia” que creceu un 6,2% e achega catro décimas e “Industria da madeira” que aporta tres décimas cun crecemento do 9,0%.

As ramas con achega máis negativa son: “Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento” que repercuten -2,8 puntos debido a un descenso do 27,7%, “Coquerías e refinación de petróleo” que cun descenso do 31,6% achega 2,0 puntos negativos e “Confección de roupa de vestir” que minora 1,9 puntos o crecemento do índice xeral debido a que decreceu un 40,9%.

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Abril 2011

Ramas	VARIACIÓNS (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	-7,9		-4,1		
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	40,2	2,5	23,7	1,6	8,9
Industria da alimentación	3,5	0,5	4,8	0,7	12,9
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	6,2	0,4	7,0	0,4	6,1
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	9,0	0,3	2,5	0,1	5,2
Outras industrias manufactureiras	2,2	0,0	-8,1	-0,2	1,9
Fabricación de mobles	2,4	0,0	-8,7	-0,1	2,1
Fabricación de produtos farmacéuticos	9,6	0,0	-8,1	0,0	0,1
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	0,7	0,0	-1,6	0,0	1,3
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	165,7	0,0	109,3	0,0	0,0
Extracción de antracita, hulla e lignito	0,0	0,0	0,0	0,0	0,3
Industria do coiro e do calzado	-46,5	0,0	-39,5	0,0	0,0
Industria téxtil	-13,1	0,0	3,2	0,0	0,7
Industria do papel	-2,8	-0,1	6,3	0,1	1,3
Industria química	-7,6	-0,1	3,1	0,0	1,3
Fabricación de material e equipamento eléctrico	-14,9	-0,2	-6,6	-0,1	1,3
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	-15,2	-0,2	50,5	0,5	1,6
Outras industrias extractivas	-19,3	-0,4	-34,0	-0,7	1,8
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-10,1	-0,4	-7,2	-0,3	2,9
Fabricación de bebidas	-15,8	-0,5	-1,5	0,0	2,7
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-12,7	-0,6	2,7	0,1	6,4
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-4,0	-0,7	-7,9	-1,5	13,8
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	-55,7	-0,7	-36,6	-0,4	1,0
Fabricación doutro material de transporte	-22,3	-1,1	-16,8	-0,8	5,0
Confección de roupa de vestir	-40,9	-1,9	-29,5	-1,8	6,1
Coquerías e refinación de petróleo	-31,6	-2,0	-13,1	-0,8	6,3
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-27,7	-2,8	-8,0	-0,7	9,0

Fonte: INE

No que vai de ano a rama cunha repercusión máis positiva é tamén a de “Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques”, que achega 1,6 puntos á taxa interanual do índice xeral. A repercusión máis negativa recae na rama de “Confección de roupa de vestir” que cun descenso do 29,5% nos catro primeiros meses resta 1,8 puntos á variación interanual acumulada do índice xeral.

3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes moveuse entre o 6,5% de Asturias e o -12,4% de Balears. Presentan crecementos inferiores á media nacional Murcia (-5,5%), La Rioja (-6,0%), Andalucía (-7,0%), Galicia (-7,9%), Cataluña (-8,5%), Navarra (-9,0%) e Illes Balears (-12,4%).

O crecemento acumulado no que vai de ano foi do 1,3% a nivel nacional, neste caso o maior crecemento correspóndelle a tamén a Asturias (8,6%) e o menor a Illes Balears (-6,3%). As seguintes comunidades rexistran crecementos inferiores á media nacional: Navarra (1,2%), Castilla y León (0,7%), Comunitat Valenciana (-0,2%), Extremadura (-0,6%), Cataluña (-1,3%), Andalucía (-2,1%), Galicia (-4,1%), Canarias (-6,0%) e Illes Balears (-6,3%).


Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Abril 2011

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	78,8	-4,1	1,3
Asturias	89,5	6,5	8,6
Madrid	90,9	4,7	7,6
Aragón	81,9	3,1	4,4
Extremadura	92,7	1,6	-0,6
Castilla - La Mancha	82,6	0,9	7,5
Cantabria	96,3	0,8	7,5
Canarias	80,8	0,5	-6,0
País Vasco	80,9	-3,3	4,6
Comunitat Valenciana	76,3	-3,5	-0,2
Castilla y León	79,8	-3,9	0,7
Murcia	75,2	-5,5	2,3
Rioja (La)	81,8	-6,0	3,0
Andalucía	69,3	-7,0	-2,1
Galicia	83,4	-7,9	-4,1
Cataluña	79,9	-8,5	-1,3
Navarra	82,2	-9,0	1,2
Balears (Illes)	60,5	-12,4	-6,3

Fonte: INE

4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa TRAMO-SEATS do Banco de España.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras e o subministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado, que son, respectivamente, as seccións B, C e D da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 13.200 establecementos en España e 1.649 en Galicia.